

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL, A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL, O FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA, A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA, O INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO, A FUNDACIÓN JUANA DE VEGA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A OBSERVACIÓN DA MOBILIDADE E O MERCADO DA TERRA EN GALICIA

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) é un ente de dereito público adscrito á Consellería do Medio Rural que promove e coordina o desenvolvemento rural en Galicia para mellorar a calidade e as condicións de vida dos habitantes do medio rural e contribuír á cohesión do territorio galego. A Axencia é a entidade xestora do Banco de Terras de Galicia, que ten como fins últimos contribuír á organización e xestión sostible da terra e do territorio galego, impulsando a mobilidade de terras e a valorización produtiva das terras agrarias, ao tempo que se promoven os valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais

Un dos obxectivos de Agader é a elaboración e difusión de información sobre a mobilidade de terras rústicas de Galicia para mellorar a transparencia dos mercados e coñecer as dinámicas que se dan sobre estas terras a nivel parroquial, municipal e para o conxunto da Comunidade, co dobre obxectivo de poder deseñar e implantar políticas públicas, tendentes a un mellor aproveitamento da terra o dos recursos do territorio, e achegar datos que axuden ás decisións dos axentes privados.

Antecedentes.

Durante o bienio 2013 e 2014, en virtude do convenio subscrito o 16 de outubro de 2013, entre Agader, a Fundación Juana de Vega e a USC, desenvolveuse o proxecto “Propiedade, Mobilidade de Terras e Valorización Territorial”. Entre os seus propósitos principais estaba o de deseñar un protocolo institucional, técnico e tecnolóxico para mellorar a caracterización e comprensión da mobilidade de terras en Galicia, co obxecto de analizar e comprender os mercados de terras, os efectos que teñen na mobilización produtiva da terra agrícola e, a través dela, na flexibilidade e eficacia da produción primaria.

O 29 de decembro de 2016 a Consellería do Medio Rural, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, o Fondo Galego de Garantía Agraria, a Axencia tributaria de Galicia, o Instituto de Estudos do Territorio, a Fundación Juana de Vega e a Universidade de Santiago de Compostela asinaron un convenio no que se establecían as condicións polas que se rexía a colaboración entre as entidades asinantes para analizar a información que permitise facer un seguimento da mobilidade e o mercado da propiedade rústica en Galicia a modo de “Observatorio da mobilidade de terras”. As partes asinantes acordaron prorrogar a vixencia deste convenio ata o 29 de decembro de 2019.

Agora ben, o elevado volume de datos existente non permitiu rematar os traballos de recollida, elaboración e difusión de información sobre a mobilidade de terras rústicas de Galicia durante o período de vixencia fixado inicialmente e prorrogado posteriormente ata o 29 de decembro de 2019, de aí que se considere necesario seguir contando con este marco de colaboración institucional.



Para os efectos sinalados, Agader ten previsto formalizar coa Consellería do Medio Rural, co Fondo Galego de Garantía Agraria, coa Axencia Tributaria de Galicia, co Instituto de Estudos do Territorio, coa Fundación Juana de Vega e coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos.

Obxecto

O convenio ten por obxecto recoller, elaborar e difundir a información sobre a mobilidade de terras rústicas de Galicia para mellorar a transparencia dos mercados e coñecer as dinámicas que se dan sobre estas terras a nivel parroquial/municipal e para o conxunto da Comunidade, co dobre obxectivo de poder deseñar e implantar políticas públicas, tendentes a un mellor aproveitamento da terra o dos recursos do territorio, e fornecer datos que axuden ás decisións dos axentes privados. Deste xeito, ofrecerase información a través dunha plataforma web aloxada no portal do Banco de Terras de Galicia que, con distintos niveis de acceso, servirá de infraestrutura tecnolóxica de referencia sobre mercados e mobilidade de terras rústicas en Galicia. Ademais esta colaboración xerará a información que poidan necesitar as entidades e organismos asinantes deste convenio para mellorar a eficacia das accións que desenvolven no eido das súas respectivas competencias.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Á Consellería de Medio Rural correspóndelle elaborar, propoñer e desenvolver directrices de política agraria da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación, fomento e mellora da produción agrogandeira e, en particular xestionar os datos referentes ás explotacións agrarias rexistradas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA).

Á Agader, como entidade xestora do Banco de Terras de Galicia, correspóndelle contribuír á organización e xestión sostible da terra e do territorio galego, impulsando a mobilidade de terras e a valorización produtiva das terras agrarias, ao tempo que se promoven os valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais.

O FOGGA é o organismo pagador dos fondos europeos agrícolas en Galicia (FEAGA e FEADER) e, como ente xestor dos fondos europeos, dispón da base de datos de declaración de superficies para a percepción de axudas da Política Agrícola Común (PAC).

A Axencia Tributaria de Galicia ten entre as súas funcións a aplicación e xestión dos tributos propios da Comunidade Autónoma de Galicia, así como os estatais cedidos a esta comunidade autónoma, entre eles o Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITP e AXD).

O IET ten por obxecto a análise, estudo e asesoramento en materia de urbanismo e ordenación do territorio, entendéndose comprendida nela a ordenación, protección e xestión da paisaxe. Entre súas funcións atópase a realización de investigacións metodolóxicas e a creación de bases de datos e indicadores para o seguimento do desenvolvemento territorial de Galicia, co obxectivo, entre outros, de compilar e tratar a información do territorio galego para dar servizo ás diferentes consellerías e organismos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente en materia agraria, de desenvolvemento rural e de xestión da paisaxe.



A Fundación Juana de Vega ten por obxecto promover o coñecemento, conservación e desenvolvemento do medio rural de Galicia con especial dedicación á formación da súa poboación activa, á preservación da súa contorna natural e humana, e á mellora da súa base económica así como das actividades con ela relacionadas. Esta Fundación ten interese na realización de estudos e investigacións para un mellor coñecemento da problemática do mundo rural de Galicia e, concretamente, estudar as dinámicas que se están a producir na mobilidade de terras en canto recurso económico que cómpre aproveitar.

Por último, a USC que ten experiencia en estudos relacionados coa ordenación e planificación sostible de terras e do territorio, a través do Laboratorio do Territorio (LaboraTe) participa na execución material do proxecto “Propiedade, mobilidade de terras e valorización territorial”

Por todo o exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela
A directora xeral de Agader
(*asinado dixitalmente*)

Inés Santé Riveira

